

ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO ROSAL*ARTIGO 01. – OBXECTO.*

Constitúe o obxecto da presente Ordenanza, a regulación da actividade comercial que se desenvolve no mercado de titularidade municipal DO CONCELLO DO ROSAL así como o arrendamento da explotación dos distintos postos fixos e almacéns destinados ao servizo de mercado de abastos.

ARTIGO 02. – COMPETENCIAS.

01. É competencia do Pleno da Corporación:

01. 01. – A aprobación, modificación ou derogación desta Ordenanza.

01. 02. – O cambio, creación ou supresión da modificación do mercado.

02. – É competencia da alcaldía (sen prexuízo da súa delegación na xunta de goberno local):

02. 01. – Determinar o número, localización e dimensión dos postos de venda, locais e demais servizos do mercado.

02. 02. – Adxudicar os postos e paradas fixas, locais e demais servizos do mercado de abastos.

02. 03. – Fixar os horarios do mercado e os días de funcionamento.

02. 04. – Resolver as cuestións que se lle formulen.

02. 05. – Impoñer as sancións á presente ordenanza.

02. 06. – A dirección, inspección e impulsión do Servizo de Mercados.

ARTIGO 03. – FINALIDADES DA INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NO MERCADO.

A intervención administrativa do Concello nos mercados irá dirixida a:

a) Mantemento das instalacións dos mercados en bo estado construtivo, hixiénico e sanitario.

b) Asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade.

c) A calidade dos produtos ofrecidos en venda e a fidelidade no despacho dos que se expandan a peso ou medida.

d) A normalidade dos prezos e a libre competencia entre os subministradores e vendedores como medio de procurar a economía daqueles.

ARTIGO 04. – OS POSTOS DO MERCADO

01. – O número, localización e dimensión dos postos de venda, locais e demais servizos dos mercados, serán determinados polo órgano competente do Concello.

02. – O órgano competente poderá establecer os criterios estéticos e o deseño dos postos de venda dos mercados co fin de manter unha determinada uniformidade e unhas medidas hixiénico sanitarios convenientes.

03. – Os postos dos mercados son propiedade do Concello, e pola súa condición de bens de servizo público, inalienables, inembargables e imprescritibles.

04. – Co fin de que non se dane o pavimento nin se produzan ruídos, empregaranse carretas axeitadas, con rodas de goma ou similar, para as operacións de distribución interior de mercadorías, traslado de caixas e demais elementos, o que deberá realizarse no horario que teña fixado a Administración ó respecto. Fóra do devandito horario só se permitirá a recepción e distribución interior de pequenas cantidades de mercadorías para reposición.

05. – A Alcaldía Presidencia nomeará un encargado ou responsable da dirección do mercado de abastos, que terá ao seu cargo a xestión administrativa necesaria para o funcionamento destes e a vixilancia do cumprimento destas ordenanzas municipais e de cantas outras disposicións afecten á actividade que alí se desenvolve ou emanen dos órganos municipais competentes.

06.— A vixilancia sanitaria exercerase por parte do facultativo designado polo organismo competente.

07.— Os postos dos mercados axustaranse a algunha das denominacións das seguintes categorías:

- A) Peixe.
- B) Carnizaría.
- C) Tenda de aves e caza.
- D) Froitas e verduras.
- E) Panadaría.

08.— Ademais dos especificados, o Concello, atendendo á mellor prestación dun mellor servizo de mercado de abastos poderá autorizar o exercicio nos postos adxudicados ou por adxudicar, doutras actividades comerciais.

ARTIGO 05.— ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE MERCADO.

01.— O comercio nos mercados exercerase polos titulares da concesión para a explotación do servizo destes nos postos situados neles.

02.— O Concello procurará que nun mesmo mercado ningún vendedor, por si ou a través do seu cónxuxe e fillos, dispoña de máis de 1 posto dedicados á venda do mesmo artigo.

03.— A adxudicación da explotación en concesión do servizo de mercado de abastos a levar a cabo nos postos fixos e almacéns vacantes nos mercados municipais, outorgarase pola Alcaldía a instancia dos interesados, mediante poxa pública previa publicación dos pregos de cláusulas administrativas que correspondan.

04.— Poderán ser titulares da adxudicación as persoas naturais ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que se encontren habilitadas para exercer o comercio en España. Só nos casos de traspaso por defunción poderán os menores de idade ou maiores incapacitados, suceder ao titular no posto, representados por quen legalmente estea autorizado ata que finalice o prazo da concesión outorgada ao titular inicialmente.

05.— As rendas por ocupación de postos, depósitos de garantía e participación da Administración nas transmisións, nos casos en que estean permitidas, serán as que se fixen na correspondente Ordenanza fiscal.

06.— Os dereitos que outorga a ocupación do posto de venda nos mercados municipais de abastos para a explotación deste, son persoais e intransferibles por actos entre vivos, coas excepcións recollidas na presente Ordenanza.

Tanto na transmisión entre vivos, cando estea permitida, coma por causa de defunción, xeraranse a favor do Concello os dereitos que estean previstos na correspondente Ordenanza fiscal.

07.— En caso de falecemento transmitirse o posto a favor de quen resultara ser herdeiro do titular ou legatario do posto.

De terse transmitido pro indiviso a dous ou máis persoas, estas no prazo de tres meses deberán determinar e comunicar ao Concello, quen de entre elas ha de suceder na titularidade do posto. O devandito prazo poderá prorrogarse por outros tres meses por solicitude dos interesados, antes da súa caducidade. De non o facer no devandito prazo ou a súa prórroga, declararase caducada a adxudicación e vacante o posto.

De acontecer o falecemento sen outorgar testamento ou sen dispoñer neste sobre iso, transmitirse o dereito en primeiro lugar a aquel dos herdeiros que tivese vido auxiliando o titular na explotación do posto, e de non existir procederase na forma prevista para o pro indiviso.

08.— Por acto entre vivos pode ser cedido o dereito da concesión que ostentan os titulares dos postos a favor de familiares ata o terceiro grao, logo de solicitude conxunta de transmitente e adquirente e autorización municipal.

Fóra destes supostos, queda limitada a transmisión entre vivos do dereito de arrendamento dos titulares dos postos a aqueles supostos en que, logo de xustificación apreciada libremente polo órgano competente, se autorice a mesma, con percibo dos dereitos establecidos a favor do Concello.

09. –A concesión do servizo e conseqüente ocupación dos postos terá a duración máxima de 15 anos. Non obstante transcorrido o seu prazo de vixencia, poderá prorrogarse pola tácita por períodos anuais, mentres a Administración ou o titular do posto non denuncien a concesión, con antelación á finalización de cada ano natural.

Se na resolución pola que se autoriza o arrendamento non se dispón outro prazo, este entenderase feito polo máximo permitido.

10. –Para a efectiva ocupación do posto adxudicado o titular haberá de obter a preceptiva licenza municipal para o exercicio da actividade, para cuxo efecto, de forma simultánea á solicitude de adxudicación, ou unha vez adxudicada a explotación dun posto, deberá solicitar a licenza para o exercicio da actividade, acompañando a documentación que se requira polo servizo de urbanismo municipal, e:

10. 1. Copia da alta no imposto sobre actividades económicas no epígrafe correspondente ao comercio que se haxa de realizar con localización no mercado de abastos.

10. 2. Copia do carné de manipulador de alimentos.

10. 3. Xustificante de ter constituído a fianza correspondente ao arrendamento do servizo.

10. 4. Xustificante de ter solicitado ou obtido a alta nos servizos municipais de que estea dotado o posto.

11. –A fianza a percibir polo Concello para responder do cumprimento das obrigas que se derivan do arrendamento da explotación dos postos e locais do mercado de abastos, será como mínimo equivalente ao 5 % do prezo de licitación que haxa de satisfacerse polo posto ou postos que se ocupen.

12. –A concesión do servizo extínguese por:

12. 1. Renuncia expresa e escrita do titular.

12. 2. Quebra do titular declarada por resolución firme.

12. 3. Causas sobrevidas de interese público, aínda antes de concluír o prazo polo que se acordou.

12. 4. Morte do titular, salvo no caso da súa sucesión considerado nesta Ordenanza.

12. 5. Disolución, se é o caso, da sociedade titular.

12. 6. Subarrendamento ou cesión a un terceiro sen o cumprimento dos requisitos establecidos nesta Ordenanza.

12. 7. Perda dalgunha das condicións esixidas por esta Ordenanza para ser titular.

12. 8. Non ocupar o posto ou mantelo pechado, salvo causa xustificada, libremente apreciada polo órgano que concedeu a autorización.

12. 9. Grave comercial.

12. 10. Grave incumprimento das condicións sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza ou hixiene dos postos.

12. 11. Falta de pagamento da renda.

13. –Os titulares deberán, ao termo da ocupación do posto, calquera que fose a causa, deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os locais obxecto de utilización.

A Administración poderá, en todo caso, acordar e executar o lanzamento por vía administrativa.

ARTIGO 06. –DEREITOS E OBRIGAS DOS ARRENDATARIOS.

01. –Corresponde aos titulares dos postos o dereito a utilizar os bens de servizo público do mercado de abastos para poder levar a cabo as actividades a que se destina na forma establecida.

02.— O Concello non asumirá responsabilidade por danos, subtraccións ou deterioros de mercadorías, nin a custodia destas.

03.— Os vendedores deberán:

03.1. Estar dado de alta no imposto de actividades económicas no epígrafe e apartado que corresponda coa actividade que se desenvolva no posto.

03.2. Estar en posesión do título que lle habilite para a ocupación do posto, do que será provisto pola Administración.

03.3. Usar dos postos e almacéns unicamente para a venda e depósito de mercadorías e obxectos propios do seu negocio.

03.4. Conservar en bo estado os postos, obras e instalacións utilizados.

03.5. Exercer a venda ininterrompidamente durante as horas sinaladas, co debido esmero, respectando en todo caso o horario que se encontre establecido para as distintas actividades que se haxan de desenvolver no mercado.

03.6. Observar a máxima pulcritude no seu aseo persoal e utilizar no seu traballo vestiario propio para a súa función e en correcto estado de limpeza.

03.7. Estar en posesión da tarxeta de manipulador de alimentos, cando a actividade que desenvolva así o requira.

03.8. Coidar de que os seus respectivos postos estean limpos e manteñan as condicións de ornamento, hixiene e salubridade debidas, especialmente durante o horario de venda ao público.

03.9. Contribuír á limpeza, vixilancia e conservación do mercado.

03.10. Satisfacer a renda e demais exaccións que correspondan.

03.11. Aboar o importe dos danos e prexuízos que o propio titular, familiares ou dependentes causen nas instalacións ou edificio do mercado.

03.12. Facilitar os datos que lles sexan solicitados polo encargado do mercado ou o Sr. Veterinario do mercado.

03.13. Dotar o posto ou local das medidas de saneamento.

03.14.— Absterse de depositar vultos nos corredores destinados ao público, nin sequera temporalmente.

03.15. Cumprir cantas outras obrigas resulten da presente Ordenanza ou das resolucións válidas emanadas dos órganos municipais.

03.16. Ter á venda todos os artigos que expoñan, sen que poidan reservar parte destes.

03.17. Conservar o peixe destinado á venda en frío, mediante xeo, expositor ou mostrador frigorífico.

04.— Queda prohibido o exercicio da actividade vendedora ás persoas afectadas de enfermidade transmisible en calquera dos seus períodos, ou de enfermidade infecciosa, debendo comunicar esta circunstancia ao encargado do mercado ou ao Sr. Veterinario para a adopción das medidas que resulten procedentes.

05.— Os instrumentos de pesar ou medir utilizados nos mercados deberán axustarse aos modelos autorizados.

En calquera momento, o encargado do mercado ou os axentes da autoridade poderán verificar a exactitude de tales instrumentos, debendo facelo como mínimo unha vez ao ano.

Procurarase o uso de balanzas automáticas ou electrónicas, colocadas de forma que os compradores poidan ler nelas o prezo, peso e importe total dos xéneros que adquieran.

06.— Os vendedores veñen obrigados a exhibir o encargado do mercado, aos empregados municipais dependentes deste e á Inspección Sanitaria de Abastos, cantos artigos teñan para a venda, sen que poidan opoñerse á súa inutilización, caso de ser declarados nocivos para a saúde pública.

07.—Ademais da renda será de conta de titular os servizos de auga, gas, fluído eléctrico, cámara frigorífica e recollida de residuos conforme ao disposto nas correspondentes Ordenanzas fiscais municipais.

08.—Os titulares dos postos ou locais están abertos a mantelos abertos nos días e horas en que estea aberto ao público o mercado, salvo os períodos de vacacións ou autorización expresa do Concello.

09.—Os vendedores veñen obrigados a colocar o prezo correspondente a cada unha das variedades que teñan expostas para a venda, fixando sobre a mercadoría unha tarxeta ou cartel no que se consigne o prezo por quilogramo, ducia ou peza, a clasificación do artigo e procedencia.

10.—Queda prohibido:

10.1. Verificar a limpeza de despoños no mercado e lavar no posto o peixe destinado á venda.

10.2. Expoñer produtos conxelados fóra do mostrador ou expositor conxelador.

10.3. A venda de peixe que non teña o talle mínimo para comercializarse.

10.4. Expoñer os produtos que se alteren pola acción da calor fóra dos frigoríficos expositores.

10.5. Expoñer nos mostradores os produtos que poidan alterarse polo alento dos compradores ou a contaminación ambiental.

10.6. Expoñer as mercadorías para a venda fóra do propio posto asignado, salvo autorización municipal para ocupar outros espazos do mercado, que haberán de quedar perfectamente delimitados de forma que non se impida nin entorpeza en ningún caso o paso do público polos corredores.

10.7. O exercicio da mendicidade dentro do mercado e moi especialmente nos accesos e corredores destinados ao público.

11.—Os vendedores deberán conservar no seu poder o albará xustificativo das súas compras, no que figurará consignado o nome do comprador, a clase de artigo, o prezo, a unidade de medida e a data.

ARTIGO 07.— OBRAS INSTALACIÓNS NOS POSTOS

01.— Cantas obras e instalacións realícense nos postos e almacéns, de forma que haxan de resultar unidas de modo permanente ao piso, quedarán de propiedade municipal.

Entenderase que están unidas de modo permanente ao piso cando non poidan separarse deste ou das paredes ou elementos do edificio sen detrimento destes.

02.—Non poderán realizarse obras nin instalacións de ningunha clase nos postos e almacéns sen autorización municipal, que se presume concedida coa licenza municipal de obras.

03.—Serán de conta dos titulares dos postos toda obra de construción e adaptación dos postos e almacéns, así como cantas outras instalacións haxan de realizarse nestes, e a súa conservación e adecuación á actividade a desenvolver.

ARTIGO 08.—INSPECCIÓN.

Corresponderá aos Servizos Veterinarios da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a inspección sanitaria de abastos, a vixilancia sanitaria dos artigos que se expendan ou almacenen no mercado.

ARTIGO 09.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

01.— As faltas a esta ordenanza cualificaranse de leves, graves e moi graves:

A) Faltas leves:

1. As discusións ou altercados.

2. A negligencia respecto ao aseo e limpeza das persoas e os postos.

3. O non cumprimento das instrucións emanadas da Administración.

4. O abastecemento deficiente ou o peche non xustificado dos postos de venda.
5. Botar lixos ao chan e o seu depósito en sitios ou lugares distintos dos autorizados ou sen o envase apropiado.
6. Calquera outra infracción que non estea cualificada como grave.

B) Faltas graves:

1. A reiteración de faltas leves.
2. Non ter en sitio perfectamente visible os prezos dos artigos postos á venda e as defraudacións en cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.
3. A alteración grave da orde pública por producir escándalo.
4. O desacato ostensible ás disposicións emanadas da Administración ou instrucións que no seu nome imparta o encargado do mercado, así como da Inspección Sanitaria.
5. As modificacións nas obras e instalacións dos postos e colocación de vitrinas frigoríficas, sen a correspondente autorización ou incumprindo as normas ditadas ao respecto pola Administración.
6. Causar dolosa ou negligentemente danos ao edificio, os seus postos ou instalacións.
8. Non conservar os albarás de compra durante polo menos sete días, para a súa posible comprobación e control.
9. O traspaso ou cesión do posto sen cumprir coas condicións e requisitos estipulados nesta Ordenanza.
10. O peche non xustificado e autorizado do posto por máis de tres días.
11. A venda de artigos distintos aos autorizados pola licenza para o exercicio da actividade.
12. Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos, cando a actividade así o requira.
13. A venda sen licenza ou fóra dos lugares autorizados para o efecto.
14. O non pagamento das exaccións que contemplan as Ordenanzas fiscais correspondentes.

C) Faltas moi graves:

1. O abandono inxustificado do posto por tempo superior a 30 días.
2. A reiteración de faltas graves dentro dun mesmo ano.
- 02.— As sancións que corresponden ás infraccións anteriores serán:
 - a) O comiso dos artigos que motiven a infracción.
 - b) A suspensión das obras e instalacións.
 - c) As multas e recargas previstos na lexislación de réxime local por infracción as Ordenanzas e Regulamentos, nas ordenanzas fiscais correspondentes e acordos municipais.
 - d) A suspensión da adxudicación do arrendamento do servizo por prazo que non exceda dun mes.
 - e) A rescisión da adxudicación do arrendamento do servizo.
2. As sancións graduaranse conforme á gravidade da infracción cometida e en atención ás repercusións que o feito sancionado tivese.
- 03.—Corresponde a imposición das sancións á alcaldía por proposta do Concelleiro Delegado responsable do servizo.

A imposición de sancións requirirá implicará a tramitación do procedemento administrativo, que será o artigo 114 da L 13/2010 de 17 Decembro CCAA Galicia (comercio interior)

*DISPOSICION FINAL*

A presente Ordenanza estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

O Rosal, 26 de setembro de 2012.—O Alcalde, ilexible.

2012009147

* * *